

## **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACION DAS OBRAS DE "SANEAMENTO EN SAN MARTIÑO DE GARGANTANS, MUIÑO, A PALLOTA, CHAIAN E CHAIAN DE ABAIXO"**

### **CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto do contrato**

O contrato terá por obxecto a execución das seguintes obras: "SANEAMENTO EN SAN MARTIÑO DE GARGANTANS, MUIÑO, A PALLOTA, CHAIAN E CHAIAN DE ABAIXO".

CNAE: 45.24

CPV: 45240000

O proxecto reúne os **requisitos** do artigo 1 do Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro.

### **CLÁUSULA SEGUNDA. Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato**

Mediante a execución do contrato a que se refire este Prego de cláusulas administrativas particulares satisfaise a seguinte necesidade: Dotación do servizo de saneamento para os lugares de San Martiño de Gargantáns, Muiño, A Pallota, Chaián y Chaian de Abaixo, mediante a instalación dunha rede de tubería de saneamento e unha depuradora de augas residuais.

### **CLÁUSULA TERCEIRA. Presuposto base de licitación**

- 1.- O presuposto base de licitación ten un importe de: 266.640,02 euros.
- 2.- Da cantidade anterior, corresponde en concepto do imposto sobre o valor engadido: 36.777,93 euros

### **CLÁUSULA CUARTA. Anualidades en que se distribúe.**

O pagamento das cantidades correspondentes ao presuposto do contrato aboarase nunha soa **anualidade** correspondente ao ano 2009.

### **CLÁUSULA QUINTA. Aplicación presupostaria**

O proxecto finánciase con **cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local** creado polo Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro.

Aprobación do Secretario de Estado de Cooperación Territorial, por Resolución de data 02-02-2009.

**CLÁUSULA SEXTA. Réxime xurídico do contrato e documentos que teñen carácter contractual.**

Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das corporacións locais, o contrato rexerese polas seguintes normas:

— Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro polo que se crea o Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e aproba créditos extraordinarios para atender a súa financiación.

— Resolución de 9 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se aproba o modelo para a presentación de solicitudes, as condicións para a tramitación e a xustificación dos recursos librados con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local creado polo Real Decreto- Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crea o Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e aproba créditos extraordinarios para atender a súa financiación.

— Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

— Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro. no que non se opoña á lei 30/2007

Ademais do presente prego terán carácter contractual os seguintes documentos:

— Os planos.

— A memoria do proxecto no contido que se determina no artigo 128 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

— O programa de traballo aceptado polo órgano de contratación.

— Os cadros de prezos.

— O documento no que se formalice o contrato.

**CLÁUSULA SÉTIMA. Prazo de execución**

O prazo de execución do contrato será de 4 meses a contar desde a adxudicación definitiva do contrato e **concluir antes do día 31 de decembro de 2009**. (En todo caso deberá cumprirse o disposto no artigo 7.1 do Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro).

#### **CLÁUSULA OITAVA. Procedemento de adxudicación.**

O contrato adxudicarase polo procedemento negociado con publicidade, sen límite de contratistas, posto que o contrato atópase incluído no suposto previsto nos artigos 155.d e 161.2 da *Ley de Contratos do Sector Público*. Aplicarase o trámite de **urxencia** a que se refiren os artigos 96 e 128 da Lei aos efectos de redución dos prazos e o artigo 9.1 do Real Decreto Lei 9/2008.

#### **CLÁUSULA NOVENA. Importe máximo dos gastos de publicidade de licitación do Contrato que debe aboar o adxudicatario.**

Non hai gastos de licitación por publicarse a mesma no perfil do contratante da páxina web [www.moraña.org](http://www.moraña.org)

#### **CLÁUSULA DÉCIMA. Gastos a abonar no caso de renuncia ou desistimento.**

No caso de renuncia ou desistimento, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos en que incorrese. Nembargantes esta indemnización non superará en ningún caso o límite de 100,00 €.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Garantías esixibles.**

- Provisional: non se esixe.
- Definitiva: O licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá prestar unha garantía do 5% do importe da adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.
- Complementaria: non se esixe.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Presentación de proposicións. Lugar e prazo**

12.1.- Lugar e prazo de presentación das proposicións:

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Moraña, no prazo de 13 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no PERFIL DO CONTRATANTE do Concello de Moraña ([www.morania.org](http://www.morania.org)).

Tamén poderán presentarse ofertas por correo, se ben neste caso o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data e hora de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar o mesmo día ao órgano de contratación por FAX, TELEX OU TELEGRAMA, a remisión da oferta. Sen cumprir tales requisitos non será admitida a oferta, no caso de que se recibira fóra de prazo de presentación das proposicións.

O Rexistro Xeral acreditará a recepción do referido telegrama con indicación do día da súa expedición e recepción no libro correspondente.

#### 12.2.- Formalidades:

As ofertas para tomar parte na licitación presentaranse en 2 sobres pechados. Identificados no seu exterior cos datos seguintes:

- Identificación do sobre de que se trata: Sobre nº 1.- Documentación administrativa para a obra "SANEAMENTO EN SAN MARTIÑO DE GARGANTANS, MUIÑO, A PALLOTA, CHAIAN E CHAIAN DE ABAIXO".

- Sobre nº 2.- Oferta económica para a obra de "SANEAMENTO EN SAN MARTIÑO DE GARGANTANS, MUIÑO, A PALLOTA, CHAIAN E CHAIAN DE ABAIXO".

- Os datos do licitador: Nome, dirección postal, teléfono e fax.

No interior do sobre da documentación administrativa farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numéricamente.

Os documentos que se inclúan en cada sobre deberán ser orixinais ou fotocopias dilixenciadas polo Secretario do Concello ou funcionario en quen delegue, nas que conste que foron verificadas cos seus orixinais.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos:

#### **SOBRE 1. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.**

**1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica:** Os empresarios individuais, copia autenticada do DNI; os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rixa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

**2º) Documentos acreditativos da representación:** Cando a solicitude e, no seu caso, a proposición non apareza firmada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen ou quenes suscriban a proposición xunto cunha copia autenticada do Documento Nacional de Identidade do ou dos apoderados.

**3º.- Documento de compromiso de constituír unha Unión Temporal de Empresas: nos** casos en que varios empresarios concurren en unión temporal aportarán ademais un documento que poderá ser privado, no que, para o caso de que resultaren adxudicatarios, se comprometan a constituíla. Este documento deberá ír asinado polo representante de cada unha das empresas e nel expresarse a persoa que designan representante da UTE ante a administración para todos os efectos relativos ao contrato, así como a participación que a cada un deles corresponda na UTE:

**4º) Documento acreditativo de non estar incurso en prohibición de contratar** que incluírá a manifestación de estar ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor se vaia a efectuar esta. Modelo incorporado como Anexo II.

**5º) Acreditación da solvencia cando non procede esixir a clasificación.**

A solvencia económica e financeira e a solvencia técnica e profesional do empresario deberá acreditarse, a criterio do órgano de contratación, en función do obxecto do contrato, do seu importe e das súas características por un ou varios dos medios seguintes:

**– Solvencia financeira:**

a) Declaración apropiada de entidade financeira, ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades da empresa.

**– Solvencia técnica e profesional:**

A solvencia técnica e profesional acreditarase por algún ou varios dos seguintes medios.

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase si se realizaron según as regras polas que se rixe a profesión e si se levaron normalmente a bo término; no seu caso, ditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras.

d) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

e) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, á que se acompañará a documentación acreditativa pertinente.

Toda a documentación poderá ser substituída, excepto o DNI, pola presentación do documento de calificación empresarial.

**6º) Documentación adicional esixida a todas as empresas estranxeiras.** As empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato vaia a executarse en España, deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante.

**7º) Domicilio.** Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia poderá ser complementada indicando unha dirección de correo electrónico e un número de teléfono e fax.

## **SOBRE 2: OFERTA ECONOMICA E DOCUMENTACION TECNICA.**

Incluirase a proposición económica con arrego ao modelo do ANEXO I.

### **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Requisitos das Ofertas.**

As ofertas dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de ditas cláusulas ou condicións, así como do proxecto, sin salvedade ou reserva algunha.

As ofertas serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse á apertura en público das mesmas.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo da admisibilidade de variantes ou melloras cando así se autorice.

Tampouco poderá suscribir ningunha proposta en unión temporal con outros si o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el suscritas.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Criterios para adxudicación do contrato**

A adxudicación do contrato efectuarase mediante a aplicación dos criterios, entendendo que a negociación se produce coa presentación da oferta polos empresarios interesados, seguintes:

CRITERIOS	PUNTOS
Melloras	50,00
Persoal en situación de desemprego	30,00
Incremento de persoal	20,00
TOTAL	100,00

##### 14.1.- Melloras.

Valorarase ata un máximo de 50 puntos, a aportación económica, ata un máximo do 10% da licitación, con destino a melloras complementarias na calidade e/ou cantidade global das obras proxectadas ou dalgunha das súas unidades, do cal importe disporá a Dirección de Obra para empregalo naquelas unidades que se consideren necesarias.

##### 14.2.- Persoal contratado en situación legal de desemprego

Valorarase ata un máximo de 30 puntos a aportación de persoal procedente da situación legal de desemprego, dentro do incremento de persoal sobre o mínimo esixido, proposto de maneira permanente para a execución da obra.

Este persoal procedente da situación de desemprego, soamente se contabilizará a efectos desta valoración si está incluído dentro do incremento de persoal proposto respecto do mínimo esixido no Prego de prescricións técnicas particulares. O persoal procedente da situación legal de desemprego incluído dentro do persoal mínimo esixido non se terá en conta a efectos de valoración deste apartado.

Aplicarase en cada caso o criterio de valoración da proporcionalidade, ata a cantidade de persoal a maiores procedente da situación legal de desemprego máximo valorable (40% respecto do persoal mínimo esixido de maneira

permanente en obra, segundo o apartado 7.1). O persoal a maiores sobre a cantidade máxima valorable indicada, non será tido en conta a efectos de valoración por este concepto.

A fórmula de valoración a utilizar será a seguinte:  $P=30 \times Y : X$ , Onde:

P= puntuación da oferta a considerar.

X: cantidade de persoal máximo valorable.

Y: cantidade de persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra contratado en situación legal de desemprego, aportado pola oferta a considerar.

#### 14.3.- Incremento de persoal.

Valorarase ata un máximo de 20 puntos, a aportación de persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra. Será obxecto de puntuación este incremento de persoal, sen distinción de categorías profesionais, ata un máximo do 40% (se o resultado da aplicación desta porcentaxe presenta decimais, redondearase o número enteiro inmediatamente superior). O persoal que supere esta porcentaxe non será tido en conta a efectos de valoración según este criterio.

A fórmula de valoración a utilizar será a seguinte:  $P=20 \times Y : X$ , Onde:

P= puntuación da oferta a considerar.

X: incremento de persoal máximo obxecto de valoración.

Y: incremento de persoal da oferta a considerar (máximo 40% respecto ao mínimo esixido de maneira permanente en obra).

### **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Variantes**

— Os licitadores non poderán propoñer variantes.

### **CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados.**

Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos: sempre que o prezo ofertado sexa inferior nun 10% á media dos ofertados.

### **CLÁUSULA DÉCIMO SETIMA. Confidencialidade**

Sen prexuízo das disposicións da Lei 30/2007, de 30 de outubro relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse aos candidatos e aos licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as ofertas, en especial con respecto aos secretos técnicos ou comerciais e aos aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

De igual modo, o contratista deberá respetar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que lle dese o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Revisión de prezos**

Por aplicación do disposto no artigo 77.1 da Lei en relación coa cláusula 7 non existe revisión de prezos.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Apertura da documentación e das proposicións**

19.1. Apertura da documentación.

a) A calificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas efectuarase pola mesa de contratación do Concello de Moraña, composta por:

\* Presidente: O Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue.

\* Vocais: - 4 representantes dos grupos políticos municipais

- O Aparellador Municipal

- O Secretario-Interventor do Concello.

\*Secretario: o funcionario Administrativo-Tesoureiro, Don Vicente Silva Conles ou funcionario que o substitúa.

A calificación da documentación presentada a que se refire o artigo 130.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público efectuarase pola mesa de contratación constituída ao efecto. O Presidente ordenará a apertura dos

sobres que a conteñan, e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles.

b) Se a mesa de contratación observase defectos ou omisións subsanables na documentación que se inclúe no sobre nº 1, comunicarao verbalmente aos interesados, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou subsanen ante a propia mesa de contratación.

Do actuado deixárase constancia na acta que necesariamente deberá extenderse.

c) Unha vez calificada a documentación diferente da que se acompañu á solicitude de participación, e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada a mesa declarará admitidos á licitación aos licitadores que acreditasen o cumprimento dos requisitos previos indicados no artigo 130 da Lei facendo declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento.

## 19.2. Apertura das proposicións

O acto de apertura das proposicións terá lugar en acto público no salón de sesión da Casa do Concello, ás 13,00 horas do quinto día hábil seguinte ao da terminación do prazo de presentación de proposicións, sempre que non coincida en sábado, pois en tal caso terá lugar ao día seguinte hábil. observándose no seu desenvolvemento as formalidades previstas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

No acto de apertura pública de proposicións notificarase os admitidos e excluídos. Seguidamente a mesa procederá a apertura do sobre nº 2 das proposicións admitidas. A mesa avaliará as proposicións mediante os criterios que se recollen pola orde decrecente de importancia e ponderación na cláusula 14ª do Prego, e formulará a proposta que estime pertinente ao órgano de contratación. A mesa de contratación poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, os informes técnicos que considere necesarios e teñan relación co obxecto do contrato.

## **CLÁUSULA VIXÉSIMA. Adxudicación provisional e definitiva**

A adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada na que se concretarán e fixarán os términos definitivos do contrato e publicarase conforme ao establecido nos artigos 42 e 135.3 da Lei de Contratos do Sector Público.

En todo caso, a adxudicación provisional dos correspondentes contratos deberá efectuarse no prazo **máximo de 20 días naturais**, contados desde que finalice o prazo de presentación de ofertas.

Para que a adxudicación provisional sexa elevada a definitiva, o adxudicatario deberá presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluíra ademais a certificación de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida. Cando así se admita en dito cadro de características, a constitución destas garantías poderá acreditarse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.
- A relación de persoal mínimo que vai adscribir ao contrato deberá ser nominal e indicando a categoría profesional. Así mesmo indicarse se a procedencia do mesmo é do cadro de persoal propio ou procedente do desemprego. Incluirase tamén o persoal ofertado a maiores sobre o mínimo esixido.

De conformidade co artigo 9.1.b do Real Decreto- Lei 9/2008, de 20 de novembro, o prazo para elevar a definitiva a adxudicación provisional será de **cinco días hábiles**.

Cando os licitadores concorresen en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución deberá aportarse antes da formalización do contrato. Igualmente, cando se esixa ao adxudicatario que concerte algún tipo de seguro, antes da formalización do contrato, deberá aportarse a póliza correspondente.

**CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Responsable do contrato, director da obra e delegado da Obra**

O órgano de contratación poderá designar unha persoa responsable do contrato conforme se establece no artigo 41 da Lei de contratos do sector público. O Director de obra que se designe polo órgano de contratación exercerá as funcións de dirección, inspección, comprobación e vixilancia necesarias para a correcta execución da obra contratada. O Director das obras poderá estar auxiliado polo persoal que o órgano de contratación designe.

O Delegado de obra do contratista deberá ser un técnico titulado, con experiencia acreditada en obras de similar natureza ás que son obxecto deste contrato.

**CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Comprobación do replanteo e programa de traballos**

No prazo de **quince días como máximo**, contados a partir da data de formalización do contrato deberá realizarse o replanteo e extenderse a acta relativa ao mesmo. O adxudicatario deberá presentar un programa de traballos para que sexa aprobado polo órgano de Contratación. Dito programa deberá presentarse no prazo **non superior a quince días** desde a formalización do contrato e desenvolverá o presentado coa súa proposición, que non poderá modificar ningunha das condicións contractuais. Á vista do mesmo, o órgano de contratación resolverá sobre a súa aplicación, incorporándose ao contrato

**CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Plan de seguridade e saúde no traballo**

No prazo **de quince días naturais** desde a notificación da adxudicación definitiva o contratista presentará ao Órgano de contratación o Plan de seguridade e saúde no traballo, que será informado no prazo de **cinco días naturais** sobre a procedencia da súa aprobación. En todo caso, o prazo máximo para a aprobación do Plan de seguridade e saúde no traballo será de **un mes** desde a firma do contrato. Se, por incumprir o contratista os prazos indicados no parágrafo anterior, no fose posible empezar as obras ao recibir autorización para o inicio das mesmas, non poderá reclamar ampliación algunha de prazo por este motivo.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Prazos**

O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a realización do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se establecesen, que comezarán a contar para o adxudicatario a partir do día seguinte á firma da acta de comprobación do replanteo.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Réxime de pagos**

O pago efectuarase mediante certificacións mensuais dos traballos efectuados que se abonarán de conformidade co establecido nos artigos 200 e 215 da Lei de Contratos do Sector Público e 147 e seguintes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

De conformidade co disposto no artigo 9.5 do Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, os concellos terán a obrigaición de aboar aos contratistas o prezo das obras dentro dos **trinta días naturais** seguintes á data de expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización parcial ou total do contrato.

O contratista poderá desenvolver os traballos coa maior celeridade que a prevista para que as obras se executen no prazo ou prazos contractuais, salvo que, a xuízo da Dirección das obras, existisen razóns para estimalo inconveniente. Nembargantes, no terá dereito a percibir en cada ano, calqueira que sexa o importe do executado ou das certificacións expedidas, maior cantidade que a consignada na anualidade correspondente. As certificacións así expedidas só devengarán intereses por demora desde a data sinalada no artigo 152 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

O contratista terá dereito a percibir tamén abonos a conta nos termos establecidos nos artigos 200.3 da Lei de Contratos do Sector Público e 155 e 156 do Regulamento. En todo caso, se lle esixirá a constitución de garantía en forma de aval, ou outra admitida pola Lei.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Condicións especiais de execución**

Será condición de execución do contrato a que se refire este prego, de conformidade co disposto no artigo 9.2 do Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, **que o novo persoal que o contratista necesite empregar para a execución das obras se encontre en situación de desemprego**

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA. Penalidades**

Imporanse penalidades ao contratista cando incorra en algunha das causas previstas a continuación:

**a) Por incumprimento das condicións especiais de execución. O incumprimento de calqueira das condicións de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ao contratista das seguintes penalidades:**

— Como regra xeral, a súa contía será un **1% do importe de adxudicación do contrato**, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é **grave ou moi grave**, en cuxo caso poderán alcanzar ata un **5%** ou ata o máximo legal do **10%**, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

— Faranse efectivas mediante deducción das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 196.8 da Lei de Contratos do Sector Público.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ao tempo da recepción das obras.

**Cando o incumprimento se refira á contratación de persoal** nos termos indicados na cláusula anterior, será considerada como **infracción moi grave** aos efectos previstos no artigo 102.2 da Lei de Contratos do Sector Público sempre que o incumprimento supoña unha contratación de nova man de obra que non se encontrase en situación de paro **superior ao 50 % do total** da contratada como nova.

**b) Por cumprimento defectuoso.** Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes términos:

— Se, no momento da recepción, as obras non se encontran en estado de ser recibidas por causas imputables ao contratista.

— Como regra xeral, a súa contía será un 1% do presuposto do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

— En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obrigaón que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

**c) Por incumprir criterios de adxudicación.** Imporanse ao contratista penalidades por incumprir os criterios de adxudicación nos seguintes términos:

— Si, durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, se aprecia que, por causas imputables ao contratista, se incumpriu algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta, en especial os relativos ao **volumen de man de obra a utilizar na execución do contrato**.

— Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumprido, resultara que a súa oferta non tería sido a mellor valorada.

— Como regra xeral, a súa contía será un 1% do presuposto do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

**d) Por demora.** Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en demora, tanto en relación co prazo total como cos prazos parciais establecidos, estarase ao disposto no artigo 196 da Lei de Contratos do Sector Público en canto á imposición destas penalidades.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO OITAVA. Subcontratación**

O contratista poderá subcontratar parcialmente a execución da obra.

A subcontratación rexirase polo disposto na Lei de Contratos do Sector Público (arts. 210 e 211) e na Lei 32/2006, de 18 de outubro, Reguladora da subcontratación no sector da construción.

En todo caso, e de conformidade co que dispón o artigo 9.5 do Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, **os contratistas deberán aboar aos subcontratistas o prezo pactado polas prestacións cuxa realización lles encomendasen no prazo máximo de trinta días naturais**, computado desde a data de aprobación polo contratista principal da factura emitida polo subcontratista ou suministrador.

Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 210.2 da Lei de Contratos do Sector Público ou o límite máximo especial establecido para a subcontratación imporase a penalidade regulada no artigo 210.3, con suxeción ao seguinte:

— Farase efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 196.8 da LCSP.

- Como regra xeral, a súa contía será un 5% do importe do subcontrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá alcanzar ata un 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO NOVENA. Cumprimento do contrato**

A recepción do contrato rexirase polo establecido no artigo 218 da Lei de Contratos do Sector Público e nos artigos 163 e seguintes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Ao tempo da recepción comprobarase en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigacións:

- O despexe final das obras, debendo o contratista ter restituído á súa situación inicial as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas.
- O cumprimento non defectuoso do contrato
- O cumprimento dos criterios de adxudicación.

— O cumprimento das condicións de execución. Durante a execución do contrato a empresa adxudicataria informará ao órgano de contratación mediante a presentación da correspondente declaración acreditativa dos postos de traballo creados así como das altas de novos traballadores e das baixas que se produzan.

#### **CLÁUSULA TRIXÉSIMA. Resolución do contrato**

A resolución do contrato rexirase polo establecido con carácter xeral nos artigos 205 a 208 da Lei de Contratos do Sector Público e especificamente para o contrato de obras nos artigos 220 a 222 de dita Lei, así como nos artigos 109 a 113 e 172 del Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

En particular considerárase causa de resolución do contrato o suposto de incumprimento da condición de execución establecida na cláusula 28 no seu primeiro parágrafo cando este deba considerarse como moi grave de conformidade co establecido na cláusula 29.1 no seu último parágrafo. En todo caso, en caso de resolución do contrato por causa imputable ao contratista estarase ao disposto no artigo 208.4 da Lei.

#### **CLÁUSULA TRIXÉSIMO PRIMEIRA. Prazo de garantía**

O prazo de garantía será de 12 meses e comenará a partir da data da recepción.

Durante este prazo aplicarase o establecido no artigo 167 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en canto ás obrigacións do contratista, así como no relativo á facultade da Administración de, en caso de incumprimento, executar á costa de aquel os traballos necesarios para a conservación da obra.

Todos os gastos que se ocasionen pola conservación das obras durante o período de garantía serán de conta do contratista non tendo dereito a ningunha indemnización por este concepto. Excetúanse os danos ocasionados na obra por forza maior, que serán soportados pola Corporación, se ben esta terá a facultade de esixir ao contratista que realice as obras de reparación.

#### **CLÁUSULA TRIXÉSIMO SEGUNDA. Liquidación**

Transcorrido o prazo de garantía a que se refire a cláusula anterior procederáse á liquidación do contrato conforme ao disposto no artigo 179 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

### **CLÁUSULA TRIXÉSIMO TERCEIRA. Xurisdicción**

As cuestións que poidan plantexarse durante o desenvolvemento do contrato serán resoltas polo órgano de contratación. Os acordos adoptados para a súa resolución poderán fin á vía administrativa, e poderán ser impugnados ante a Xurisdicción contencioso-administrativa.

En Moraña, 5 de febreiro de 2009  
O Alcalde,

Asdo.: José A. Eiras Paz

## ANEXO I MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

«D. \_\_\_\_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_, en nome propio (ou en representación de \_\_\_\_\_), informado da licitación para a contratación das obras do proxecto de "SANEAMENTO EN SAN MARTIÑO DE GARGANTANS, MUIÑO, A PALLOTA, CHAIAN E CHAIAN DE ABAIXO", manifesta:

1º.- Que acepta integramente os pregos de bases técnicas e condicións administrativas.

2º.- Que se compromete a levar a cabo o citado proxecto de obras e propón como prezo sen IVE do contrato o de ..... euros, sendo a cota correspondente o IVE a de ..... euros o que supón un prezo total do contrato de ..... Euros.

3º.- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido ..... o de ..... A relación dos postos incrementados é a seguinte: (farase constar os postos incrementados sobre o mínimo esixido e que teñan presenza permanente en obra).

4º.- Comprométese a aportar ..... persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

5º.- Comprométese a destinar a cantidade de..... euros á execución de melloras do proxecto.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2009

Firma do licitador,

Asdo.: \_\_\_\_\_».

## ANEXO II. DECLARACION RESPONSABLE

Don/Dona....., con DNI ..... e con domicilio en .....

No caso de persoa xurídica:

En representación da empresa ..... constituída ..... (referencia á escritura).  
Acreditando a súa representación a través do poder ..... (referencia á escritura).

DECLARA:

1º.- Que son certos os datos indicados e que a empresa á que represento reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixido nos artigos 43 e 61 da Lei de Contratos do Sector Público

2º.- Que a empresa á que represento, non incorre en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no artigo 49 de Ley de Contratos do Sector Público e que especialmente, atópase ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social que imponen as disposicións vixentes.

3º.- Que coñece o prego de cláusulas administrativas particulares que serven de base ao contrato e que o acepta integramente.

En..... a..... de ..... de 2009